

BIOGRAFÍA DE HERNÁN NAVAL

DATAS:

Hernán Naval Parapar nace en Viveiro (Lugo) o cinco de agosto de 1962 e morreu no 2001 por un ataque ao corazón,

PROFESIÓN:

É profesor titulado de trompeta e solfexo nos conservatorios de Lugo, A Coruña, Santiago e Madrid.

A súa actividade profesional desenvolveuse no campo da música: foi profesor do conservatorio de Viveiro ata 1991, fundou e dirixiu a coral Polifónica de San Cibrao entre 1987 e 1989, período no que estreou varias obras corais.

Dende 1992 dirixiu a Banda de Ribadeo (logo Municipal e logo aínda Sinfónica, quedando co título de Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo), municipio no que residiu no último decenio da súa vida. Con ela, dirixiu concertos didácticos e tocou en lugares como Madrid, Barcelona ou Lisboa.

FEITOS/LOGROS

Tras comezar a traballar na Academia de Música Carlos A. Fernández-Cid, que abriu as portas da súa man ó ser contratado por Amadores da Música, foi tamén promotor da Escola Municipal de Ribadeo, a que dirixiu desde a súa fundación en 1993.

Co apoio e patrocinio do Concello, a Escola Municipal de Música de Ribadeo foi o primeiro centro das súas características fundado en Galicia (ano 1993), centro que no momento do seu pasamento contaba con 230 alumnos.

Foi Vicepresidente da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música ata o seu pasamento, así como director da Big-band desta asociación, coa que participou no VI

Festival de Música dos Xoves Europeos que se celebrou en Trondheim (Noruega) do 31 de maio ó 4 de xuño do ano 2000 (organizado pola EMU-European Musicschools Union).

Foi tamén promotor da Banda da Federación Galega e segundo director da mesma, dirixindo a Agrupación xunto co seu director titular Marcel van Bree, o día da súa estrea no Auditorio de Galicia, e cun arranxo feito por el mesmo do Segundo Movemento da Sinfonía nº 2 “Nas montañas de Galicia” de Andrés Gaos.

ESTUDOS/TÍTULOS

5º de Solfexo polo Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

5º de Trompeta polo Conservatorio Superior de Música de Madrid.

5º de Piano polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

3º de Harmonía polo Conservatorio de Madrid

2º de Historia da Música polo Conservatorio de Madrid.

2º de Estética Musical polo Conservatorio de A Coruña

2º de Conxunto Coral polo Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

Curso de Historia do Arte e da Cultura no Conservatorio de Santiago.

Curso de Acústica Musical no Conservatorio de Santiago.

Curso de Repentización, Transposición e Acompañamento no Conservatorio de Santiago

Diplomado en Trompeta e máis en Piano polo Conservatorio de Santiago.

ANÉCDOTAS SOBRE HERNÁN

“Hernán foi o meu profesor de solfexo na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo cando era moi nena. Eu non estiven na Banda con Hernán (era moi pequena e acababa de comezar co clarinete). Como anécdota dicir que el me chamaba "Lucia de Lammermoor" que é unha ópera de Donizetti. Supoño que xa me vía a inclinación pola música. Aínda que me deu clase pouco tempo, inculcoume o valor e o gusto pola música, e sempre foi moi cariñoso con nós. Era un profesor excepcional.

Eu entrei na Banda posteriormente, con Jose Luis (o actual director da Escola de Música de Vegadeo), que foi director da Escola de Música de Ribadeo e da Banda. A Banda é unha familia na que cadaquén ten o seu rol. Alí atopei bos amigos que aínda conservo, viaxei moito e obtiven unha formación de excelente calidade.” (Lucía)